

Os escritores do Galeusca rexeitan o 'Manifiesto por la lengua común'

DEBATE ► Autores galegos, vascos e cataláns denuncian a "exclusión" que supón o texto
► Sinalan semellanzas co ideal franquista que asimilaba un Estado a unha única lingua

E.P. • BARCELONA

A Federación de Asociacións de Escritores Galeusca, que engloba escritores galegos, cataláns e vascos, rexeitaron onte o intento de "exclusión que colegas escritores españois" realizaron a través do *Manifiesto por la lengua común* e lamentaron que se "dediquen a combater o máis próximo e asimetricamente discriminado".

Nun comunicado, consideraron que o catalán, o galego e o éuscaro non son "inventos"

de agora, senón que son linguas que foron normais durante anos nos seus respectivos territorios e que sufriron un proceso de desnormalización "por invasión da lingua que foi decretada como oficial do estado, sen ningunha consulta nin acordo previo".

Sinalaron que a Constitución non obriga a que estas linguas sexan coñecidas nos seus territorios, como si fai co castelán, o que supón unha "asimetría" dos

dereitos lingüísticos dos cidadáns. Reivindicaron que se trata de linguas propias de aproximadamente o 40% dos españois e unha ferramenta de comunicación democrática.

"A visión anuladora que dende a enriquecedora realidade plurilingüe española se transmite dende o Manifesto fainos pensar na similitude da etapa franquista: un estado, unha lingua; e consecuentemente, reforzar

as formulacións diferenciadoras entre cidadáns de primeira e de segunda por razóns de lingua", afirmaron os escritores.

Pola contra, reivindicaron a pluralidade lingüística como unha forma de enriquecemento individual e consideraron que o castelán "en ningún caso corre perigo en todo o territorio do Estado". Defenderon as políticas lingüísticas en educación como vía para conseguir que os alumnos sexan competentes en ambas as dúas linguas, e iso pasa pola "utilización vehicular maioritaria da lingua máis desfavorecida socialmente".

Os escritores finalizan o seu comunicado afirmando que teñen a vontade de continuar escribindo nas súas linguas e de "contribuír ao proceso, inacabado, da súa normalización como dereito humano, democrático e pacífico".

Cultura 12.jul.2008

El Correo Gallego
cultura@elcorreogallego.es
67

El Correo Gallego